

# Utilidades DNS

Existen varias utilidades para comprobar o funcionamento da resolución de nomes DNS

As máis empregadas son `dig`, `nslookup` e `host`. Estas tres podémolas atopar nos equipos con Linux e Mac, e a `nslookup` en Windows.

## Sumario

- 1 A utilidade `dig`
- 2 A utilidade `host`
- 3 A utilidade `nslookup`
- 4 Referencias externas

## A utilidade `dig`

A utilidade `dig`<sup>[1]</sup> por defecto, resolve RR (rexistros de recursos) de tipo A, AAAA ou CNAME.

```
dig equipo1.proba.lan
```

Se queremos indicar outro tipo de rexistro, témolo que indicar a continuación do nome buscado.

```
dig proba.lan soa
```

E se queremos empregar outro servidor DNS diferente ao establecido no cliente DNS, indicámolo cun `@`

```
dig @192.168.0.20 equipo1.proba.lan
```

Para a resolución inversa deberemos indicar a opción `-x`

```
dig -x 192.168.0.24
```

`dig` é a única utilidade que nos indica se o servidor DNS que respondeu é autoridade na zona ou se empregaron reenviadores. No caso de que responda unha autoridade, aparece unha zona chamada `AUTHORITY SECTION`

## A utilidade `host`

A utilidade `host`<sup>[2]</sup> tamén nos permite resolver nomes, e funciona en modo comando. Por defecto resolverá rexistros tipo A, AAAA, CNAME e MX.

```
host equipo2.proba.lan
```

Para resolver os outros tipos de rexistro, hai que indicar previamente coa opción `-t` o tipo de rexistro que queremos buscar. Este tipo pode ser tipo A, AAAA, CNAME, MX, NS, SOA.

```
host -t ns proba.lan
```

Para facer resolución inversa, simplemente poñemos o enderezo que queremos resolver sen necesidade de poñer ningunha opción.

```
host 192.168.0.24
```

E se queremos empregar outro servidor DNS diferente ao establecido no cliente DNS, indicámolo a continuación do rexistro buscado.

```
host equipo2.proba.lan 192.168.0.20
```

## A utilidade `nslookup`

A utilidade `nslookup` é a única que está dispoñible en sistemas Linux<sup>[3]</sup> e en sistemas Microsoft Windows<sup>[4]</sup>.

Permite tamén facer consultas en modo interactivo e en modo comando.

En modo comando, por defecto unicamente resolverá rexistros tipo A e CNAME.

```
nslookup equipo2.proba.lan
```

Para resolver outros tipos de rexistro debemos empregar a opción `-q=tipo` sendo tipo A, AAAA, A+AAAA, MX, NS, SOA ou ANY

```
nslookup -q=SOA proba.lan
```

En modo interactivo, indicariamos o tipo executando `set q=tipo`

E se queremos empregar outro servidor DNS diferente ao establecido no cliente DNS, indicámolo a continuación do rexistro buscado.

```
nslookup equipo2.proba.lan 192.168.0.20
```

Se o facemos en comando, indicámolo así

```
server 192.168.0.20
```

## Referencias externas

1. ? [dig Ubuntu manpage](#)
2. ? [host Ubuntu manpage](#)
3. ? [nslookup Ubuntu manpage](#)
4. ? [Using NSlookup.exe](#)

- [Bruno Vila Vilariño \(out 2014\)](#)